

# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS


26-27 de maio do 2018

## FESTA DA TRINDADE

compartindo coas familias da parroquia de Paramos



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE  
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 3 *Unha xuntanza de amor* (estrofa 2)

### SAÚDO DE BENVIDA

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Celebramos hoxe a festa da Trindade, festa na que proclamamos que Deus se fai a nosa beira, pero faise non de calquera xeito. Deus faise **PAI** escolléndonos para ser o seu pobo. Deus faise **FILLO** para amosarnos que o camiño é o de ser irmáns. Deus faise **ESPIRITO SANTO** para alentarnos dende o noso camiñar como igrexa e comunidade, para que non nos sintamos sos.

Esta festa da Trindade axúdanos a valorar na vida a importancia de sabérmonos e sentírmonos comunidade, seres sociais no medio de demasiadas soidades.

Como deus, **PAI**, se achega a nós, queremos nós achegarnos ao pobo de Paramos, como deus, **FILLO** Xesucristo, se fai irmán á nosa beira queremos nós ser irmáns cos veciños e veciñas de Paramos, como deus, **ESPÍRITO SANTO**, queremos nós compartir e acompañar as dores de todas esas familias de Paramos que senten a vida fuxida da súa beira.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** Comezamos a celebración mirando a nosa vida, nela, ás veces, obramos cunha falsa imaxe de Deus, ás veces adoramos ídolos, en ocasións a nosa fe non se reflexa nas nosas vidas. Recoñecelo é pornos en camiño de converternos. Confiados pedimos perdón:

**Monitor/a**

- Porque tantas veces seguimos presentando a Deus na trindade de xuíz, vingativo e cruel

**SEÑOR TEN PIEDADE DE NÓS**

- Polas veces que nos falta ilusión e confianza, e convertémonos en cristiáns cheos de rutinas

**CRISTO, TEN PIEDADE DE NÓS**

- Polas veces que na nosa vida non sentimos a Deus a nosa beira, e deixámonos encamiñar polo ter, polo poder ou polo prestixio

**SEÑOR TEN PIEDADE DE NÓS**

**Celebrante** Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se senten sos. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. AMÉN

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

**Celebrante** Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Queremos hoxe sentir á beira das persoas que se atopan soas na sociedade, e sentímonos tamén á beira da parroquia de Paramos.

*(silencio)*

Deus Pai, ti revelaches ao xénero humano o admirable misterio do teu ser, enviando ao teu Fillo, Palabra da verdade, e ao Espírito da santidad, concédenos profesar a nosa fe en Ti e recoñecer a túa gloria na unidade das tres persoas, por Cristo, Noso Señor.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante** A Palabra de Deus que agora imos escoitar fálanos da busca de Deus e achéganos a El. O Deus-misterio é tamén Deus-cercanía, é un Deus que se vai amosando, ao que hai que ir descubrindo como esforzo de toda unha vida; a escoita da Palabra danos a oportunidade de estar á súa beira. El é o noso ABBÁ (paiciño).

*No Leccionario B páxina*

**LECTURA**

**LECTURA DA CARTA AOS ROMANOS**

♪ *nº 41 Quen nos vai separar*

**SALMO**

*(en pé) No Leccionario B páxina*

**EVANXEO**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO**

**SEGUNDO MATEO**

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Deixémonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e profesemos a nosa fe no Deus-Trindade de persoas, respostamos dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a**

Credes en Deus **PAI**, que se nos quixo facer cercano e que quere formar parte na nosa historia?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Deus **FILLO**, Xesucristo, que nos envía a anunciar o evanxeo no nome do Deus amor que se fai en comunidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Deus **ESPÍRITO SANTO**, que vive en nós alentándonos na construción dun mundo que sexa de novo “a imaxe e semellanza de Deus”?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na **IGREXA, COMUNIDADE**, que se descubre, á imaxe de Deus, cimentada no afecto e anunciadora dun Deus inabarcable no noso cerebro pero capaz de encher de amor o noso corazón?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante** *Movidos polo Espírito que habita en nós, coa intercesión do Fillo, oremos ao Pai das misericordias dicindo: **Fainos comunidade***

**Monitor/a**

- Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa, aléntanos para vencer a tentación do aillamento e a autosuficiencia, porque demasiadas veces nos cremos mellores que os demais, e esquecemos que Ti es DEUS para todos. Oremos
- Lémbtrate, Señor, das nosas parroquias, axúdanos a facer delas lugares de encontro, de compartir alegrías e penas, fracasos e esperanzas. Oremos
- Lémbtrate, Señor, de Os Cotos, que non teñamos medo a aportar o noso esforzo para facérmonos cribles na xustiza, na tolerancia e no ben común. Oremos
- Lémbtrate, Señor, das persoas que viven e se senten soas. Oremos
- Pedímosche tamén Señor, para que as familias de Paramos que viven vertendo bágoas de tritura e dor, sintan a túa man agarimosa de Deus, e o noso corazón de irmáns. Oremos

**Celebrante** *Quédate, señor, connosco, e non nos deixes da túa man, fainos comunidade de crentes que se aventura no teu camiño e na túa vida. Por Cristo noso Señor. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante** Imos agora rezar, pero equivocámonos se soamente dicimos palabras. Rezar ten que ser “sentir”.

Sentimos o sucedido no pobo de Paramos, sentimos a soidade de demasiadas persoas, sentimos que vale a pena dar unha man, sentímonos confiados nas mans dun deus que nos ama de corazón, por iso rezamos

NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** O Deus-comunidade convida a tender a man a todos, sen excepción, para sermos coma Él, comuñón de persoas. As nosas mans achéganse para compartir cos que están á nosa beira, e hoxe chegan tamén para doerse coas mans das familias que o perderon todo en Paramos. Así nos damos a paz.

**CANTO** 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** O Señor segue a reunirnos ao redor dunha mesa pra que compartindo, o descubramos. Ditosos nós convidados a anunciar a un Deus para todos, sen distincións. Ditosos nós os convidados á mesa da comunidade cristiá, ditosos nós os convidados a compartir este pan do Señor.

**CANTO** 🎵 *nº 43 Non vou so*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### *Celebrante*

Señor noso Deus,  
que a comuñón deste sacramento  
e a profesión da nosa fe en ti,  
comunidade de persoas,  
nos consiga a salvación,  
por Cristo noso Señor. Amén

*Hoxe cremos en Deus Trindade,  
e cremos na paz para sementala e calar aos violentos  
que non teñen valor para ser tolerantes e respectuosos  
con quen vive e pensa diferente, en Siria e en Palestina  
e cremos na tenrura para agarimar e estar á beira das  
mulleres que sofren violencia de xénero,  
e cremos na acollida para cos refuxiados erguer pontes  
en lugar de muros facendo do mundo un fogar fraterno,  
e cremos que está con nós á hora de ter preocupación  
ecolóxica porque nas nosas mans está o coidado e a  
responsabilidade con esta natureza que nos rodea,  
e está con nós doéndose coas familias de Paramos.*

Que o Señor, **TRINDADE**, nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*